

# GUÍA COMO PREPARAR O VÍDEO DO TEU PROXECTO



## Gravación e produción do vídeo

### 1 PREPARACIÓN

Prepara unha cámara ou usa un móbil para gravar o teu vídeo. Asegúrate de ter unha boa iluminación e un audio claro.

**CONSELLO:**  
Lembra que debes gravar o teu vídeo en formato horizontal



### 2 ESTRUTURA DO VÍDEO


Comeza presentando o teu proxecto científico e ofrecendo unha visión xeral do experimento, facendo:

- o Descrición clara do experimento
- o Formulación da hipótese
- o Comunicación de resultados/conclusións



### 3 EDITA O VÍDEO

Edita o vídeo, eliminando as imaxes innecesarias e asegurando que teña unha duración concisa dun minuto. (É importante cumprir con isto para unha mellor avaliación do proxecto).



## Carga a YouTube

### 4 A TÚA CONTA DE YOUTUBE


Inicia sesión na túa conta de YouTube (ou crea unha se non a tes). Fai clic no botón "Cargar" e selecciona o teu ficheiro de vídeo editado.

**CONSELLO:**  
Lembra que **NON DEBERÁS** cargar o teu vídeo como un curto



### 5 DESCRICIÓN

Engade un título, unha descrición que describa o contido do teu vídeo. Engade as etiquetas "Galiciencia" e "Galiciencia2024"



### 6 MINIATURA

Escolle unha imaxe en miniatura que represente eficazmente o teu vídeo.

**CONSELLO:** Recomendamos que empregues a mesma que nos envías no formulario de inscrición de Galiciencia



### 7 VÍDEO PÚBLICO

Establece a configuración de privacidade do vídeo público. En caso contrario non poderá verse na plataforma Galiciencia polo xurado.



### 8 PUBLICAR E COMPARTIR

Revisa os detalles do vídeo e fai clic no botón "Publicar". Obtén a ligazón ao vídeo unha vez subido e engádeo ao teu formulario de rexistro de Galiciencia.



**!! PARABÉNS!!**  
**XA ESTÁ LISTOO VÍDEO**  
**DO TEU PROXECTO PARA REXISTRARTE EN**  
**GALICIENCIA**